

S.O.S. DENDE CARNOTA: ¡MEI DEI, MEI DEI, PUM PUM, PUM PUM!:

Nova de última hora: a Xunta anuncia que as praias do Concello de Carnota xa están limpas (¿?) e a partir do día 25 (casualmente) queda desmantelada a infraestrutura do voluntariado.

Se queredes vir limpar (que segue a facer falta) ¡NON VOS DIRIXADES Á XUNTA! chamade directamente ó Concello de Carnota: 981760721, ou ó 981857032, Ext. 14.

MEI DEI, MEI DEI, PUM PUM, PUM PUM!

¡Quedámonos sós, o mar, o fuel e mais nós!

VÍDEO DE *NUNCA MÁIS* SOBRE O ESTADO DOS FONDOS MARIÑOS

O pasado día 22, entregóuselles ós medios de comunicación a prometida testemuña da situación actual da nosa costa. Presentárono en Compostela Xaquín Rubido, coordinador da Comisión Científica de NM, Rafa Villar, portavoz da Plataforma cidadá NM e membro da Comisión Xestora, e os autores de tomas e vídeo. Como di a representación nacional da plataforma, queremos ensinar a realidade. Non imos ser tremendistas nen castastrofistas. Só queremos, a través deste elemento audiovisual, amosar que nin a totalidade das praias están limpas, nin os fondos están recuperados nin a situación que estamos a vivir nas nosas costas é normal, e que o povo galego non quere convivir co chapapote nin afacerse a unha cor que non é a propia do noso litoral: o negro da morte.

EQUIPOS DIDÁCTICOS DE NM-LUGO OFRECEN CHARLAS

Desde mesmo despois de producirse a catástrofe do Prestige, xente de ADEGA ofreceu charlas técnicas e de divulgación, que se desenvolveron en diferentes centros de ensino e outros locais. Arestora, seis meses despois e cos problemas do fuel aínda na nosa costa, continúa esta actividade.

Así, as profesoras Dolores Vázquez (da USC-Lugo) e Adela Figueroa (do IES "Lucus Augusti") desprazáronse a Madrid a pasada semana. Deron alí tres conferencias, respectivamente no Colexio das Irlandesas en La Moraleja, no IES de Carabanchel e na Asociación "Ecologistas en Acción". Percibiron gran interese polo tema, en sintonía cunha conciencia medioambiental crecente. Por outra banda, os alumnos da materia Ciencias da Terra, de 2º de BAC, nos centros de educación se-cundaria de Lugo terán a posibilidade de asistir a unha charla martes, día 27, no IES "Lucus Augusti". Con esta conferencia, impartida por Adela Figueroa, NM pretende axudalos na preparación da selectividade deste ano, proba na que terán que responder a unha cuestión relacionada co *Prestige* e a catástrofe.

